

**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Servizo Provincial de LugoEdificio Administrativo
Ronda da Muralla, 70
Tfno. 982 29 45 86. Fax 982 29 45 85XACOBEO 2010
Galicia

Luis Gregorio Ramos Misioné, como responsable do Servizo de Resposta Inmediata - Seri, Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, do Servizo de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte de Presidencia da Xunta de Galicia.

CERTIFICO:

Que segundo se desprende dos arquivos obrantes neste Servizo Provincial de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a **A. D. CATRO ROLDAS**, encóntrase a súa inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia. E os seus Estatutos foron aprobados o día 2 de xullo de 1997, de conformidade co disposto no decreto nº 82/1983, de 21 de Abril, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 47 de data 13 de maio de 1983, sendo a súa aplicación o disposto na Lei 11/1997, do 22 de Agosto, Xeral do Deporte de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 170 de data 4 de Setembro de 1997, e ten como número de Rexistro, **C-05486**.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente Certificación, a quince de novembro de dous mil dez.

Lugo, 15 de novembro de 2010

O RESPONSABLE DO REXISTRO




Asdo. Luis Gregorio Ramos Misioné

REFERENCIA: PR946A 97/64-0

SOLICITANTE: A.D.CATRO ROLDAS

DOCUMENTO: PR946A.601



NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Notifícase que por Resolución de 2 de XULLO de 1997 do Ilmo. Sr. Secretario Xeral para o Deporte, dada de conformidade coa Lei 10/1990 Xeral do deporte (B.O.E - 17-10-1990), e Ordes de 17 de Maio de 1983 (D.O.G.) de 3-6-83) e de 20 de Novembro de 1986 (D.O.G de 5-12-86), e demais normativa aplicable, ese Clube foi inscrito no Rexistro de Clubes, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia, co nº.5.486.

Así mesmo, e a tenor do establecido no artigo 9º da Orde de 17 de maio de 1983, deberán comunicar e solicita-la inscrición neste Rexistro, dos cambios e alteracións dese clube que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais, etc..).

Achégaselle, para constancia e arquivo na Secretaría dese Clube Deportivo, copia dos Estatutos sociais, Acta Fundacional, e relación da Xunta Directiva.

Santiago, 02 de xullo de 1997

SECCIÓN DE REXISTRO DE CLUBES E ASUNTOS XURIDICOS,



Asdo: Belarmino García Martínez

SR. PRESIDENTE A.D. CATRO ROLDAS



Daniel Paz Carballo

ESTATUTOS

CAPITULO 1

NORMAS XERAIS

Artigo 1º **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** practicará como principal modalidade deportiva a de FUTBOL e afiliarse á Federación Galega de Fútbol, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións;

a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente.


b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

c) **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** poderá gravar ou enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

1.- Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes representados na Asamblea Xeral extraordinaria.

2.- Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a axeitada xustificación deste extremo podera esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3.- Cando se trate de tomar cartos a préstamos en cuantía superior ó 50% do



presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual o valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doacións que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º O domicilio social fíxase en Villalba rúa de Román-Seivane, nº 73, 27841 (LUGO), debendo, en caso de variación dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITO E OBLIGACIONES

Artigo 6º O número de socios será ilimitado; a Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo calificaranse como socios aspirantes, tendo dereito o uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixa a Comisión Directiva, e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumprir a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Comisión Directiva confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Artigo 8º

PRIMEIRO: Os socios de número terán os seguintes dereitos:

a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.

b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, normas de desenrolo das mesmas e ó establecido no presente Estatuto.



c) Separarse libremente da Asociación.

d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-la súa documentación, previa petición razoada da Xunta Directiva.

e) Expoñer libremente no seo da Asociación.

Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

SEGUNDO: Son obrigacións dos socios de número:

a) Abonalar as cuotas que esixa a Xunta Directiva.

b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da Sociedade.

c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bon goberno da Sociedade.

TERCEIRO: Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

CUARTO: Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva.
- Satisfacer-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.



Xe

Rivad

Dario Diaz

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º Son órganos de representación e goberno desta asociación a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º

Primeiro: A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte.


O fronte dela haberá un Presidente e formaran parte da mesma un Secretario e un Tesoureiro.

Segundo: O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

Terceiro: Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar, por medio do seu Presidente, a Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprido os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periodicas que deban satisfacerse.
- d) Redactar e reforma-los Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se crean, así como organiza-las actividades do Club.
- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenrolo do deporte.

Artigo 13º



Primeiro: A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo: A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou mais dos seus membros.

Artigo 14º A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, anque non se convocara convocatoria previa.

Artigo 15º

Primeiro: O tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará, os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

Segundo: Será obrigación do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñeran en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un periodo de catro anos, coincidindo con períodos Olímpicos.

Artigo 18º

Primeiro: A Asamblea Xeral é órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.

Segundo: As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, ó menos, quince días naturais.

Artigo 19º A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1. A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ó ano para



tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- b) Presuposto para o exercicio seguinte.
- c) Proxecto e proposta da Directiva.
- d) Proposición que formulen os socios e que deberán ir firmadas, polo menos, polo quince por cento dos mesmos.
- e) Rogos e preguntas.

2. Deberá celebrarse Asamblea Xeral extraordinaria para a modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva, tomar diñeiro a préstamo emisión de títulos representativos de deuda ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación das cuotas dos socios.



CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20 ° O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21° No Libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, Profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación.

Tamén se especificarán as datas de alta e baixa e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22° Nos Libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas firmaranse, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23° Nos Libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á federación que proceda.

Artigo 25º Cada sección deportiva ocuparase de todo lo relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

EMISION DE TÍTULOS DE DEUDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** poderá emitir títulos de deuda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º

1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.
2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no seu caso, o interés e prazo de amortización.

Artigo 28º Os títulos de deuda só poderán suscribirse polos asociados e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º Os títulos de parte alícuota patrimonial serán, asimesmo, suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º Os títulos de deuda e parte alícuota patrimonial serán transferibles unicamente entre os que teñan a condición de socios.



Airado

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 31º Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorables dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguerá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos para a súa aprobación.

Artigo 32º **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebrará a tal fin, cun mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º Disolto **O CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA CATRO ROLDAS** o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, reverterá á colectividades, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.



DILIXENCIA: Esténdoa para facer constar que os presentes Estatuto
da A.D. CATRO ROLDAS

Nº 5486

foron inscritos de conformidade co disposto no Decreto nº. 82/1983
de 21 de Abril, publicado no Diario Oficial da Galiza nº 47, de data
13 Maio de 1983; e o Art. 16 da Lei Xeral do Deporte
(BOE 17-10-90)

Santiago, 2 de xullo de 19 97.

SECCIÓN REXISTRO CLUBS E ASUNTOS XURÍDICOS



MEMORIA VALORADA DE OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO
DEL CAMPO DE FUTBOL DE ROMAN (VILLALBA).

MEMORIA DESCRIPTIVA.

La sociedad Deportiva de Roman (Villaba) dispone de unos terrenos vecinales de más de 4 hectáreas de extensión situados en el barrio de Seivane en la citada parroquia, enfrente del Grupo Escolar "Terra Cha" y desea construir en los mismos un Campo de Futbol para uso parroquial y al mismo tiempo del Centro Escolar antes referido.

Los terrenos son procedentes de antiguas canteras de extracción de granito y presentan una topografía irregular con pendiente en caída de sur a norte y de oeste a este.

Para llevar a cabo las primeras obras que consistirán en la explanación es necesario proceder a la excavación de la zona norte con pala de riper y voladuras de rocas en algunos puntos en los que no puede hacer la pala el trabajo.

En la zona sur es necesario hacer rellenos con tierras de prestamos de excavaciones transportadas en camiones y extendidas con pala excavadoras y compactadas con rodillo vibrador en tongadas de 20 a 30 cm.

De esta forma se conseguirá la explanación del terreno en su primera fase, para luego proseguir en fases continuas con el cierre y vestuarios del mismo.

La duración de las obras se estima en 12 meses y el presupuesto de las mismas es de 2.000.000 de pesetas, tal y como se detalla a continuación.

Se acompañan planos del terreno de juego y de la ubicación de los terrenos a escala 1:5000.

Villalba, a 24 de enero de 1.990
El arquitecto técnico

José Luis Lozano Prado.

PRESUPUESTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DEL

CAMPO DE FUTBOL DE ROMAN (VILLALBA):

- 32 horas de pala de cadenas con riper en explanación del terreno de juego en la zona norte, a 8.250 pts/hora	264.000 pts
- 40 m3 de rocas extraídas mediante voladura con explosivos, incluidos mano de obra de artificieros, barrenado, permisos, etc, a 7.130 pts/m3	285.200 pts
- 221 horas de transporte de tierras procedentes de excavaciones mediante camiones centauro, a 3.400 pts/hora	751.400 pts
- 76 horas de pala excavadora en extendido de tierras y explanación en la zona sur del campo, a 6550 pts/hora	497.800 pts
- 64 horas de rodillo vibrador en compactación de las tierras de relleno, a 3.150 pts/hora	201.600 pts
TOTAL	2.000.000 pts

Asciende el importe de estas obras a la cantidad de dos millones de pesetas (2.000.000 pts).


Villalba, a 24 de enero de 1.990


EL ARQUITECTO TECNICO

FDO: JOSE LUIS LOZANO PRADO

DNI nº 33.822.734

ESCALA 1 : 5.000





PLANTA -- DE -- CAMPO DE -- FUTBOL
DE ROMAN (VILLALBA) .


ESCALA 1 : 500

EL ARQUITECTO TECNICO

Villalba, a 4 de Julio de 1.997

El Club A.D. CASTRO ROLDAS, solicita ser inscrito en las competiciones de la Federación Gallega de Fútbol, en la categoría de segunda regional.

Muy atentamente

A handwritten signature in black ink is written over a blue circular stamp. The stamp features a central emblem and text around its perimeter, which is partially obscured by the signature.

